



FICHA DE BOA PRÁCTICA

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	Nome da boa práctica:
	Esta práctica busca garantir que as oportunidades de “Promoción” dentro da empresa sexan xustas, transparentes e accesibles tanto para mulleres como para homes, promovendo unha maior representación feminina en postos de responsabilidade.
	Entidade que a promove:
	Proyecon Galicia, S.A
	Concello:
	Pereiro de Aguiar, Ourense, España

CONTEXTO. SITUACIÓN INICIAL

Proyecon Galicia, S.A. é unha empresa privada dedicada principalmente á construción de edificios non residencias, como naves industriais, centros comerciais, e outros proxectos de infraestruturas. Nesta empresa observouse que a promoción profesional adoitaba estar determinada de maneira informal, sen criterios documentados, o que podía levar a discriminación. Tamén se detectou que as mulleres estaban infrarrepresentadas nos postos de maior responsabilidade, o que suxire unha posible barreira na progresión profesional para elas.

DESCRIPCIÓN DA BOA PRÁCTICA

Para abordar estas cuestións, Proyecon desenvolveu un sistema formal de avaliación de desempeño para cada departamento, garantindo que as promocións se baseen en criterios obxectivos e xustificados. Tamén creouse un rexistro de todas as promocións internas, desagregando por sexo, para determinar e asegurar a equidade no proceso de promoción. De forma complementaria, organizáronse cursos sobre habilidades de dirección, liderado e desenvolvemento de carreira, con énfase especial na participación das mulleres, para fomentar a súa promoción a postos de responsabilidade. Con isto estableceuse o principio de que, en condicións equivalentes de idoneidade, a persoa do sexo menos representado terá prioridade para acceder ao posto de traballo ou promoción.

RESULTADOS OBTIDOS

Como resultado, houbo un incremento na representación feminina en postos de responsabilidade, así como unha maior transparencia e xustiza nos procesos de promoción. O sistema de avaliación obxectiva asegurou que as decisións de promoción se baseasen no mérito, mentres que a formación específica en liderado preparou mellor ás mulleres para asumir roles de dirección, contribuíndo a reducir a segregación vertical na empresa.